



TRÁMITE : Certificado do acordo.

José Carlos Castiñeira Piñeiro, Secretario do Concello de Pontevedra, CERTIFICO que, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 19.06.2019, adoptouse o seguinte ACORDO que, na súa parte dispositiva literalmente, di:

1.- DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO

Seguidamente, ábrese unha quenda de intervencións dos portavoces dos grupos municipais para todos os asuntos incluídos na orde do día.

(...)

Rematado o debate realízase votación ordinaria e o Pleno do Concello, por unanimidade (25), acorda presta a súa aprobación á proposta da Alcaldía de data 15.06.2019 e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- O Pleno da Corporación celebrará sesións ordinarias o penúltimo luns de cada mes, ás 11 horas. Esta data variará, e poderá alterarse, de coincidir tal día en festivo ou tratarse dos meses de agosto ou decembro, de acordo co establecido no art. 57 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións.

Segundo.- Non obstante, facúltase á Xunta de Portavoces para que, puntualmente, poda alterar a data dalgunha sesión ordinaria, sempre que se celebre no mesmo mes.

Terceiro.- Establecer como sede para a realización de tódalas sesións plenarias o Salón de Butacas do Teatro Principal deste Concello, por persistir as circunstancias que motivaron a súa habilitación para este fin pola anterior Corporación.”

E para que conste, coa reserva á que se refire o artigo 92.2 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións (BOP 248, de 28 de decembro de 2005), expido a presente certificación, visada polo Alcalde, en Pontevedra ao día da sinatura.

